



❑ **Título da unidade:**

**TEMA 9: INTRODUCCIÓN AO MANEXO DO SOFTWARE OPEN  
ORIENTEERING MAPPER**

❑ **Descrición xustificación:**

O **OpenOrienteering Mapper** é un programa de cartografía de orientación e proporciona unha alternativa ceibe á solución propietaria existente. As súas principais vantaxes en comparación ca mesma son:

**Open Source:** o programa é totalmente de balde, cada programador pode melloralo.

**Multiplataforma:** o programa funciona en Android, Windows, Mac OS X e Linux.

A versión actual (no momento desta redacción) dispoñible para a descarga é Mapper 0.6.0 Beta Release numerada como [Mapper 0.5.96](#)

Principales características da versión actual inclúen:

- Nativo ISOM 2000 (bosque) e ISSOM 2007 (Sprint) xogos de símbolos
- Importación e exportación de mapas ocd e símbolos conxuntos (importación: Versión 6-11, a exportación: a versión 8)
- Traballar con varios tipos de plantillas: Imáxes (bmp, jpg, tif, png, gif), rutas GPS (GPX), datos vectoriais (DXF, OSM), mapas (ocd, OMAP, xmap)
- Traballar con tódolos tipos de símbolos importantes: Puntos, líñas, áreas, texto e símbolos compostos.
- Debuxo e moitas ferramentas de edición de obxectos.
- Impresión, PDF e raster imaxe de exportación para conseguir o mapa nos programas de axuste do curso
- As características avanzadas como a simulación de sobreimpresión, diferentes cortes do mapa, conxunto de símbolos de substitución, e moito máis...

Nesta unidade trataremos os aspectos básicos de manexo do software recoñecendo a súa estrutura.

❑ **Obxectivos:**

Os obxectivos que se acadarán rematada a unidade son:

- Comprender o concepto de software OpenOrienteering Mapper.
- Manexar os aspectos básicos do software OpenOrienteering Mapper.



- Coñecer e manipular os diferentes tipos de “plantillas” compatibles co software.
- Configurar os aspectos esenciais do proxecto no software, como a xeoreferenciación, a escala, etc.)
- Importar datos vectoriais.

### ❑ **Contidos:**

#### Conceptuais:

- O Software Open Orienteering Mapper.
- A Estructura do software.
- A xeoreferenciación do mapa.
- O cambio de escala do mapa e da simboloxía específica.

#### Procedimentais:

- Creación de novos proxecto
- Configuración do mapa no software OpenOrienteering Mapper.
- Manexo das escalas.
- Cargado dos datos raster como plantillas do mapa.
- Importado de datos vectoriais.
- Manexo das barras e xanelas de símbolos.
- Gardado de mapas creados.
- Elaboración das actividades e exercicios propostos.

#### Actitudinais:

- Colaboración nos foros do curso co resto do alumnado.

### ❑ **Metodoloxía:**

A proposta de traballo utilizada no curso será a empregada nesta unidade. Unha vez revisada a guía didáctica da mesma deberás empezar estudando a documentación que se te ofrece para coñecer os conceptos básicos e os procedementos de traballo. Cando consideres ter adquiridos os mesmos, realiza a autoavaliación da unidade e a tarefa proposta. Recorda colaborar cos teus compañeiros/as na resolución das dúbidas no foro.



## ❑ **Avaliación e mínimos:**

### Criterios de avaliación:

- Iniciar un novo proxecto.
- Xeoreferenciar o mapa no programa.
- Cargar no programa datos raster xeoreferenciados.
- Importar ao programa datos vectoriais.
- Recoñecer as barras de ferramentas e xanelas do software.

### Ferramentas de avaliación:

- **Cuestionario** de autoavaliación online. Consistirá nun test verdadeiro/falso sobre a temática explicada.
- **Tarefa** ou actividade sobre a unidade. Deberás contestar as preguntas solicitadas ou incorporar “pantallazos” que demostren que realizaches as operacións propostas e posteriormente subir á plataforma o exercicio para a súa corrección.

### Mínimos:

- O cuestionario de autoavaliación online debe ser superado cun 70% da nota e dispós dun número de intentos ilimitado para conseguilo.
- A tarefa deberá ser valorada cunha nota do 50% seguindo os criterios específicos de corrección para considerala superada.